

XP-22/004

## Informe sobre o Plan Básico Municipal de Ribeira de Piquín

O artigo 2.1.a) do *Decreto 36/2022, do 10 de marzo, polo que se crea e regula a Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo*, atribúe a este órgano, sen prexuízo das competencias expresamente atribuídas a outros órganos consultivos no eido da Comunidade Autónoma de Galicia e nos termos previstos na súa lexislación reguladora, a competencia para emitir os informes que, con carácter preceptivo, veñan esixidos, expresamente, pola normativa vixente en materia de ordenación do territorio e urbanismo.

O artigo 64.4 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (no sucesivo. LSG) establece que *"a persoa titular da consellaría competente en materia de urbanismo procederá á aprobación definitiva do plan básico municipal, logo do informe favorable da Comisión Superior de Urbanismo"*.

Este informe debe emitirse pola Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo en virtude do previsto na disposición derradeira terceira do Decreto 36/2022, do 10 de marzo.

De conformidade co exposto, emítase este informe sobre o Plan Básico Municipal do Concello de Ribeira de Piquín.

### I. ANTECEDENTES

1. O 26.05.2017 o Concello de Ribeira de Piquín achegou un escrito á Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo no que solicitaba a redacción do Plan Básico Municipal (PBM) do Concello de Ribeira de Piquín por parte da consellaría competente en materia de urbanismo.
2. O Concello de Ribeira de Piquín conta con 513 habitantes a 01.01.2021 segundo información do Instituto Nacional de Estatística (INE) e non ten aprobado ningún instrumento de planeamento xeral, polo tanto, cumpre cos requisitos da *Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia* (no sucesivo, LSG) para a redacción dun PBM.
3. A UTE EZQUIAGA ARQUITECTURA, SOCIEDAD Y TERRITORIO, S.L. Y MUÑIZ MASALFAYA, S.L.P. resultou adxudicataria do contrato para a redacción do PBM de Ribeira de Piquín, de acordo co expediente de contratación do primeiro contrato baseado (exp. 32/2019U) no Acordo marco con varios empresarios para o servizo de redacción dos documentos dos Plans Básicos Municipais (exp.16/2018U). O PBM de Ribeira de Piquín

DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO  
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

Edificio Administrativo de San Caetano  
Edificio número 5, 15781 Santiago de Compostela  
T. 981 544 355  
sxurbanismo@xunta.gal  
www.xunta.gal



correspóndese co lote 1 e o contrato foi formalizado o 11.11.2019, iniciándose o prazo de execución o día seguinte da sinatura.

## II. MARCO NORMATIVO

O artigo 63.1 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, define os plans básicos municipais como *"os instrumentos de planeamento urbanístico dun termo municipal completo, que se redactarán en desenvolvemento do Plan básico autonómico para os concellos de menos de 5.000 habitantes que non contén cun instrumento de planeamento xeral ..."*.

Os referidos plans teñen por obxecto *"... a delimitación dos núcleos rurais existentes e dos terreos que reúnan os requisitos exixidos para ser clasificados como solo urbano consolidado. Os plans básicos municipais categorizarán o solo rústico, segundo as delimitacións das afeccións establecidas no Plan básico autonómico."*

O Plan básico autonómico foi aprobado polo Decreto 83/2018, do 26 de xullo. Mediante a Resolución do 21 de decembro de 2021 da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo se aproba a súa actualización (*Diario Oficial de Galicia* núm. 19 de 28 de xaneiro), coa corrección de erros do 14 de marzo de 2022 que se publicou no DOG do 30 de marzo de 2022.

O procedemento para a aprobación dos plans básicos municipais regúlase no artigo 64 da LSG e no artigo 156 do seu regulamento, aprobado polo Decreto 143/2016, do 22 de setembro (en diante, RLSG).

## III. TRAMITACIÓN

1. Segundo o procedemento de aprobación dos Plans Básicos Municipais que se regula no artigo 64 da LSG e no artigo 156 do RLSG, o 30.07.2020 a Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo solicita iniciar a avaliación ambiental estratéxica simplificada do PBM de Ribeira de Piquín. Xunto coa solicitude, envía o borrador do plan e o documento ambiental estratéxico.

2. O 05.08.2020, a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático inicia o período de consultas previas á formulación do informe ambiental estratéxico, polo prazo de dous meses. Constan nese trámite as seguintes consultas recibidas:

- Instituto de Estudos do Territorio, informe do 16.10.2020.
- Augas de Galicia, informe do 04.09.2020.
- Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, informe do 29.09.2020.
- Axencia Galega de Infraestruturas, informe do 04.09.2020.

DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO  
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

Edificio Administrativo de San Caetano  
Edificio número 5, 15781 Santiago de Compostela  
T. 981 544 355  
sxurbanismo@xunta.gal  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



- Dirección Xeral de Mobilidade, informe do 15.09.2020.
- Concello de Ribeira de Piquín, informe do 05.09.2020.
- Dirección Xeral de Enerxía e Minas, informe do 11.09.2020.
- Deputación Provincial de Lugo, informe do 14.08.2020.
- Cámara Oficial Mineira de Galicia, informe do 02.09.2020.
- Particular
- O Servizo de Infraestruturas Agrarias da Consellería do Medio Rural (recibido fóra de prazo o 27.10.2020)
- A Dirección Xeral de Patrimonio Natural (recibido fóra de prazo o 16.11.2020)
- Confederación Hidrográfica Miño-Sil, (recibido fóra de prazo o 25.11.2020)
- Servizo de Montes de Lugo, (recibido fóra de prazo o 11.03.2021)
- Confederación hidrográfica do Cantábrico Occidental (emitido fóra de prazo e achegado polo propio organismo sectorial á DXTOU o 21.01.2021, xunto coa información sobre dereitos de abastecemento, verquidos e a cartografía de inundabilidade).

3. Tras este período de consultas previas, o 26.10.2020 a Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático emitiu a resolución pola que se formula o Informe Ambiental Estratéxico (IAE) do PBM do Concello de Ribeira de Piquín, no que conclúe non someter ao procedemento de avaliación ambiental ordinaria a este PBM.

O PBM xustifica a integración das determinacións do Informe Ambiental Estratéxico na documentación da avaliación ambiental estratéxica (carpeta 07.AAE).

4. Con independencia do trámite ambiental e con carácter previo á aprobación inicial do PBM, o 13.08.2020 solicitouse informe ás confederacións hidrográficas do Miño-Sil (CHMS) e do Cantábrico Occidental (CHCO). A CHMS pronunciouse no trámite de consultas previas da AAES e a CHCO achegou informe o 21.01.2021.

Ademais, o 17.11.2020 solicitouse un certificado do Catastro Mineiro relativo aos dereitos mineiros no concello de Ribeira de Piquín que foi achegado o 25.11.2020.

5. O PBM de Ribeira de Piquín foi aprobado inicialmente por Resolución da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda do 30.06.2021.

DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO  
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

Edificio Administrativo de San Caetano  
Edificio número 5, 15781 Santiago de Compostela  
T. 981 544 355  
sxurbanismo@xunta.gal  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



6. O 05.07.2021 solicitáronse os informes sectoriais preceptivos ás administracións competentes e o informe determinante do concello. Na mesma data enviouse a comunicación prevista no artigo 189 da *Lei 3/2003, de patrimonio das administracións públicas* e a prevista no artigo 101 da *Lei 5/2011, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia*.

Simultaneamente, o PBM someteuse a información pública mediante a súa publicación no DOG do 16.07.2021 por un prazo de 2 meses. O documento foi publicado a través da web de documentos en información pública da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo: [https://cmav.xunta.gal/seccion-tema/c/CMAOT\\_Territorio\\_e\\_urbanismo\\_Planeamento\\_urbanistico?content=SX\\_Ordenacion\\_Territorio\\_Urbanismo/Participacion\\_publica/seccion.html&std=Participacion\\_publica.html](https://cmav.xunta.gal/seccion-tema/c/CMAOT_Territorio_e_urbanismo_Planeamento_urbanistico?content=SX_Ordenacion_Territorio_Urbanismo/Participacion_publica/seccion.html&std=Participacion_publica.html)

Asemade, o 16.07.2021 foi publicado o anuncio en dous dos xornais de maior difusión na provincia (*El Progreso* y *La Voz de Galicia*).

7. No relativo aos informes sectoriais preceptivos, foi recadado o pronunciamento favorable dos seguintes organismos:

Organismo / Administración	Data de recepción do informe
Delegación do Goberno en Galicia. Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana	5.08.2021
Delegación do Goberno. Área de Fomento	18.10.2021
Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico. Dirección General de Política Energética y Minas	22.10.2021
Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico. Confederación Hidrográfica del Miño- Sil	8.10.2021
Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico. Confederación Hidrográfica del Cantábrico Occidental	17.11.2021
Ministerio de Asuntos Económicos y Transformación Digital. Dirección General de Telecomunicaciones y Tecnologías de la Información.	24.09.2021
Consellería de Facenda. Secretaría Xeral Técnica do Patrimonio.	18.08.2021
Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. Instituto de Estudos do Territorio (IET)	24.09.2021
Consellería de Infraestruturas e Mobilidade. Axencia Galega de Infraestruturas (AXI)	17.08.2022
Consellería de Cultura, Educación e Universidade. Dirección Xeral de Patrimonio Cultural	26.04.2022

DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO  
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

Edificio Administrativo de San Caetano  
Edificio número 5, 15781 Santiago de Compostela  
T. 981 544 355  
[sxurbanismo@xunta.gal](mailto:sxurbanismo@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



Consellería de Infraestruturas e Mobilidade. Augas de Galicia	25.03.2022
Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda – Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático. Solos contaminados	27.07.2021
Consellería de Medio Rural – Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal	24.05.2022
Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo. Dirección Xeral de Emerxencias e Interior	30.03.2022
Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. Dirección Xeral de Patrimonio Natural	07.09.2021
Consellería de Economía, Emprego e Industria. Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial de Lugo	23.07.2021
Presidencia. Redes de Telecomunicacións de Galicia- Retegal, S.A.	12.07.2021
Deputación de Lugo	09.09.2022

Por outra banda, o 20.09.2022 recibíuse a Resolución da Alcaldía de Ribeira de Piquín do 15.09.2022 que ratifica o informe favorable do arquitecto municipal ao PBM de Ribeira de Piquín do 30.05.2022.

8. Durante o período de información pública, recibíronse un total de 76 alegacións, segundo o informe de alegacións do 17.10.2022.

No arquivo 27053\_PBM\_202209\_AD\_MX\_03.5ANX\_ALEGAC do PBM, en cumprimento da lexislación aplicable en materia de protección de datos, as alegacións codificáronse mediante a expresión L1\_001, L1\_002... (lote 1 e numeración correlativa). Para a súa identificación, incorporouse a identificación catastral e máis o lugar e a parroquia, no seu caso.

#### IV. INFORME

1. O 05.10.2022 o equipo redactor achega por rexistro xeral (núm. Entrada 2022/2449306) o Documento para Aprobación Definitiva do PBM de Ribeira de Piquín, que se compón de dúas carpetas comprimidas, unha para cada soporte dixital preceptivo (PDF e editable):

- 27053\_PBM\_202209\_AD\_01PDF
- 27053\_PBM\_202209\_AD\_02EDIT

Acredítase a coincidencia entre soportes mediante declaración responsable asinada electronicamente polo equipo redactor, segundo o modelo do anexo 9 das Normas

DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO  
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

Edificio Administrativo de San Caetano  
Edificio número 5, 15781 Santiago de Compostela  
T. 981 544 355  
sxurbanismo@xunta.gal  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



Técnicas de Planeamento urbanístico de Galicia (aprobadas pola Orde do 10.10.2019, e modificadas pola Orde do 8.04.2022, en adiante NNTTPP).

2. En cumprimento do artigo 63.3 da LSG e do artigo 150 e seguintes do RLSG, o PBM de Ribeira de Piquín conta cos seguintes documentos:

- a) Memoria xustificativa das súas determinacións (cartafol 01.MX)
- b) Análise do modelo de asentamento poboacional (cartafol 02.AMAP)
- c) Planos de información (cartafol 03.PINF)
- d) Planos de ordenación urbanística (cartafol 04.PORD)
- e) Catálogo de elementos que se deben protexer (cartafol 05.CAT)
- f) Normativa urbanística (cartafol 06.NU)

Ademais, en relación con outra normativa, tamén incorpora:

- A documentación do trámite ambiental estratéxico simplificado (cartafol 07.AAE):
  - Documento ambiental estratéxico
  - Alternativas ambientais 0, 1 e 2
  - Informe ambiental estratéxico
  - Extracto ambiental e as medidas de seguimento
- A zonificación acústica do territorio, ao abeiro da *Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído* e do *Real Decreto 1367/2007, do 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, do 17 de novembro, no referente á zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas* e do *Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia* (cartafol 04.PORD).
- Un estudo da paisaxe, ao abeiro do *Decreto 96/2020, do 29 de maio, polo que se que aproba o regulamento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia* (cartafol 01.MX, como anexo á memoria xustificativa).
- Unha ficha de vixencia de planeamento, segundo o modelo do anexo 7 das NNTTPP (cartafol 01.MX, como anexo á memoria xustificativa).

3. No tocante ao resultado da tramitación urbanística do PBM de Ribeira de Piquín, logo da súa aprobación inicial, constan dous anexos á memoria xustificativa (cartafol 01.MX) nos que se acredita:

DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO  
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

Edificio Administrativo de San Caetano  
Edificio número 5, 15781 Santiago de Compostela  
T. 981 544 355  
sxurbanismo@xunta.gal  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



- A integración das consideracións e observacións realizadas nos informes sectoriais preceptivos recibidos logo da aprobación inicial, así como no informe determinante do Concello de Ribeira de Piquín: (27053\_PBM\_202203\_AD\_MX\_03.4ANX\_INFSEC),

- E a integración das alegacións recibidas durante o período de información pública, identificándoas e indicando o sentido e contido da resposta dada a cada unha delas (27053\_PBM\_202203\_AD\_MX\_03.5ANX\_ALEGAC).

#### 4. No tocante ás determinacións do Plan Básico Municipal:

- O PBM de Ribeira de Piquín non clasifica ámbitos de solo urbano consolidado.
- Delimita 38 núcleos rurais (artigo 63.2.a da LSG), dos que, segundo as fichas da AMAP, 29 son tradicionais (13 de tipo polinuclear), 3 son comúns (2 de tipo polinuclear) e os 6 restantes combinan partes tradicionais e comúns (5 de tipo polinuclear).

As delimitacións de núcleo rural aprobadas definitivamente con anterioridade (Barcia, Cartea, Cabaceira e Chao de Pousadoiro) non se declaran subsistentes e por tanto non se incorporan ao Plan Básico Municipal, senón que se delimitan ao igual que o resto de núcleos do concello, conforme aos criterios establecidos na LSG e no RLSG.

- Clasifica todas as categorías de solo rústico resultantes da aplicación das lexislacións sectoriais con incidencia sobre Ribeira de Piquín (artigo 63.2.c da LSG), tendo en conta as afeccións sectoriais delimitadas no PBA, e as consideracións establecidas nos informes sectoriais preceptivos.
- Fixa o trazado da rede viaria pública existente e a sinalización de aliñacións (artigo 63.2.d da LSG), tendo en conta as indicacións recibidas nos informes sectoriais das administracións titulares das vías.
- A normativa reproduce no seu anexo I as ordenanzas reguladoras do Plan Básico Autonómico que resultan de aplicación para o territorio municipal de Ribeira de Piquín (artigo 63.2.e da LSG), sen prexuízo de incorporar normativa específica do PBM con base no estudo pormenorizado do territorio e nas indicacións dos informes sectoriais preceptivos (artigo 149.1.e do RLSG).
- Segundo consta no Catálogo de Patrimonio Cultural do PBM, o documento cataloga o seguinte número de elementos:

Tipo do elemento	Nº elementos	Nº elementos en concellos limítrofes*	Afeccións
Arqueolóxico	40	8	Delimitación e contorno de

DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO  
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

Edificio Administrativo de San Caetano  
Edificio número 5, 15781 Santiago de Compostela  
T. 981 544 355  
sxurbanismo@xunta.gal  
www.xunta.gal





(ARQ)			protección
Arquitectónico (ART)	31	0	Delimitación e contorno de protección
Etnográfico (ETN)	97	0	Delimitación e contorno de protección

\*Con contorno de protección dentro do municipio de Ribeira de Piquín

6. A documentación do PBM de Ribeira de Piquín cumpre coas determinacións establecidas polos artigos 63.2 da LSG e 149 do RLSG, e está adaptado ás determinacións das NNTTPP.

7. O PBM de Ribeira de Piquín atende ou xustifica as cuestións e determinacións relacionadas nos informes e consultas recibidos durante a súa tramitación.

8. En conclusión, o PBM de Ribeira de Piquín é un documento completo e axustado á lexislación vixente aos efectos de acadar a súa aprobación definitiva, logo do informe favorable da Xunta Consultiva en materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo.

Á vista do anterior, infórmase favorablemente o Plan Básico Municipal do Concello de Ribeira de Piquín.

DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO  
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

Edificio Administrativo de San Caetano  
Edificio número 5, 15781 Santiago de Compostela  
T. 981 544 355  
sxurbanismo@xunta.gal  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)

